

**NORMATIVA OFICIAL DA LINGUA GALEGA 2003. PRINCIPAIS CAMBIOS.**

<b>CAPÍTULO</b>	<b>CAMBIOS e/ou POSIBILIDADES</b>	<b>RECOMENDACIÓN</b>
1. O alfabeto	O nome da letra <q> pasa a ser <i>que</i> .	
2. A acentuación	Elimínase a acentuación de interrogativos que introducen interrogativas indirectas, agás se é preciso para evitar anfiboloxías.	Non acentuar nunca as interrogativas indirectas.
7. Os signos de interrogación e admiración	O seu emprego é só obrigatorio ao final do enunciado. Poderíase tamén utilizalo ao principio.	Usar só ? e !: <i>Que fas?</i> , <i>Canto traballas!</i>
8.4. Grupos –ct- e cc- (redución e conservación)	Suprímese sistematicamente a primeira consoante cando precede as vogais <i>i</i> e <i>u</i> ( <i>condución, conflito, contradición, estrutura...</i> ), excepto nunhas poucas palabras (40) de uso restritivo. Velaí as máis importantes: <i>adición, adicto, convicción, convicto, dicción, dúctil, edicto, ficción, ficticio, fricción, invicto, micción, pictórico, ricto, succión, veredicto</i> .	
8.4. Grupos –ct- e cc- (vocalización)	A consoante implosiva vocaliza en <i>i</i> nos casos de <i>reitor, reitorado, reitoral, reitoría, e seita</i> (mais <i>sectario, sectarismo</i> ).	
8.7. [ks] (grafía -x-)	Admítense <i>exaxerar, exixir...</i> a carón de <i>esaxerar, esixir...</i>	Usar <i>exaxerar, exixir...</i>
9.1. –ancia, -encia..., -za, -zo...	Amplíase a relación de voces con –zo, -za: <i>diferenza (indiferenza), espazo (espazar, espazoso), graza (desgraza), licenza, nacemento (renacemento), novizo, perseveranza, presenza, querenza (benquerenza, malquerenza), sentenza, servizo (servizal) e terzo (terza, terzá, terzar)</i> .	
9.1. <i>Galicia/Galiza</i>	“Entre estas palabras está <i>Galicia</i> , voz lexítima galega, denominación oficial do país e forma maioritaria na expresión oral e escrita moderna. <i>Galiza</i> é tamén unha forma lexítimamente galega, amplamente documentada na época medieval, que foi recuperada no galego contemporáneo”.	Usar <i>Galiza</i> .
9.7. -ble/-bel	Considéranse correctos tanto –ble (pl. -bles) como –bel (pl. -beis).	Usar –bel (pl. -beis): <i>amábel, amábeis; posíbel, posíbeis...</i>

**NORMATIVA OFICIAL DA LINGUA GALEGA 2003. PRINCIPAIS CAMBIOS.**

9.8. –eo, -eu e –ao, -au	Engádense <i>chapeu, romeu</i> e <i>xubileu</i> á relación de palabras en –eu. Engádense <i>bacallau</i> e <i>pau</i> á relación de palabras en –au.	
9.11. –us, -um, -o	Engádense <i>ímpeto</i> e <i>tribo</i> á relación de palabras en –o.	
9.14. –án / –á 9.15. –án / –ana.	Acomódanse ao esquema –án / –á (do tipo <i>irmán, irmá; cidadán, cidadá</i> , etc.) as seguintes formas: <i>afgán, afgá; alazán, alazá; alemán, alemá; barregán, barregá; bosquimán, bosquimá; capitán, capitá; catalán, catalá; ermitán, ermitá; escribán, escribá; gardián, gardiá; musulmán, musulmá; rufián, rufiá; sancristán, sancristá; sultán, sultá</i> e <i>truán, truá</i> , xuntos cos xentilicios galegos con masc. en –án: <i>arousán, arousá; bergantiñán, bergantiñá; compostelán, compostelá</i> ... Deste xeito, a terminación –án / -ana fica reservada para caracterizadores pexorativos ( <i>burricán, burricana; folgazán, folgazana; lacazán, lacazana</i> etc...).	
9.16. –ón / –oa, -ona	A flexión –ón /-oa úsase nos seguintes casos: <i>anfitrión, anfitríoa; bretón, bretoa; campión, campioa; ladrón, ladroa</i> (e <i>ladra</i> ); <i>león, leoa; patrón, patroa; saxón, saxoa; teutón, teutoa</i> . Así, o esquema –ón /-ona queda reservado para formacións aumentativas ( <i>cullerón, mullerona</i> ...) e para deverbais pexorativos ( <i>abusón, abusona; faltón, faltona</i> ...).	
9.18. –dade, -tade	Pasa a –dade: <i>puberdade</i> .	
9.20. –aría / -ería	Dáselle preferencia á solución tradicional -aría, aínda que se admite tamén a solución -ería.	Usar sempre -aría: <i>cafetaría, camisaría, cervexaría, consellaría, enxeñaría, romaría</i> ... Excepcións: <i>batería, galantería, galería, mercería</i> .

**NORMATIVA OFICIAL DA LINGUA GALEGA 2003. PRINCIPAIS CAMBIOS.**

<p>14. O artigo 14.1.1. Formas</p>	<p>O alomorfo <i>-lo</i> é de uso obrigatorio só despois da preposición <i>por</i> e do adverbio <i>u</i>: <i>vou polo camiño; u-lo neno?</i> Podería usarse tamén nos restantes casos: <i>face-lo traballo, léva-los libros, tódolos nenos...</i></p>	<p>Non utilízalo nunca nestes casos: <i>facer o traballo, levas os libros, todos os nenos...</i></p>
<p>14. O artigo 14.1.2. Contraccións</p>	<p>O encontro da preposición <i>a</i> co artigo represéntase graficamente como <i>ao</i>, aínda que podería usarse ó como segunda posibilidade.</p>	<p>Usar sempre <i>ao</i> e <i>aos</i>: <i>vou ao mitín, os nenos foron aos niños...</i></p>
<p>15. Pronomes 15.3. Demostrativos</p>	<p>Elimínanse <i>esto, eso</i> e <i>aquelo</i> como formas neutras, ficando como formas invariábeis únicas <i>isto, iso</i> e <i>aquilo</i></p>	
<p>15.5. Relativos...</p>	<p>Engádese o relativo posesivo <i>cuxo, -a, -os, -as</i></p>	<p>Usalo sen abusar.</p>
<p>16. Numerais 16.1. Cardinais</p>	<p>Deglutínanse os numerais entre <i>vinte</i> e <i>trinta</i>: <i>vinte e un, vinte e dous...</i></p>	
<p>16.3. Multiplicativos</p>	<p>Elimínanse as formas <i>triple</i> e <i>cuádruple</i>, ficando só <i>triplo,-a</i> e <i>cuádruplo,-a</i>, en liña con <i>duplo,-a, quíntuplo,-a...</i></p>	
<p>17. Verbo 17.1. Paradigmas regulares</p>	<p>Prescríbese a acentuación proparoxítona na P4 e P5 dos pretéritos de subxuntivo (<i>andásemos, andásedes...</i>), mantendo a acentuación paroxítona no copretérito, antepretérito e pospretérito: <i>andabamos, andaramos, andaríamos.</i></p>	
<p>17. Verbo (Uso do antepretérito e do pretérito de subxuntivo)</p>	<p>“Recoméndase manter ben discriminados os usos dos dous tempos (<i>-ra</i> como antepretérito de indicativo e <i>-se</i> como pretérito de subxuntivo)”.</p>	<p>Facer ben as distincións <i>xa marchara el cando saín eu</i> fronte a <i>dixo que marchase</i> (non <i>marchara</i>).</p>
<p>17. Verbo (Futuro de subxuntivo)</p>	<p>“Dada a súa lexitimidade histórica e a súa rendibilidade en certos rexistros lingüísticos, como por exemplo a linguaxe xurídica, cómpre restaurar o seu uso, sempre dentro dos límites da corrección establecidos pola gramática”.</p>	<p>Utilizar o futuro de subxuntivo normalmente en oracións condicionais cando o verbo principal vai en presente ou en futuro: <i>se fores ao mitín, ven cedo; cando traballares con xeito, aprobarás; se quixerdes, vémonos mañá...</i></p>

**NORMATIVA OFICIAL DA LINGUA GALEGA 2003. PRINCIPAIS CAMBIOS.**

17.3.13. <i>Oír / ouvir</i>	Admíttese <i>ouvir</i> ao lado de <i>oír</i> .	Usar <i>ouvir</i> .
18. Adverbios e locucións adverbiais		
18.1. De lugar	Engádense á lista <i>alén</i> e <i>aquén</i> .	
18.2. De tempo	Aglutínanse <i>acotío, decontado, decontino, decote, decotío, deseguida, deseguido, enseguida</i> . Elimínase <i>entonces</i> .	
18.3. De cantidade e precisión	Aglutínase a locución <i>apenas</i> . Elimínase <i>alomenos</i> .	
18.4. De modo	Aglutínanse as locucións <i>amodo</i> e <i>devagar</i> .	
18.7. De dúbida	Aglutínase a locución <i>talvez</i> .	
19. Preposicións e locucións prepositivas	Engádense <i>a respecto de, alén de, após, aquén de, até, canto a</i> .	Usar <i>até</i> no canto de <i>ata</i> .
20. Conxuncións e locucións conxuntivas	Elimínanse <i>anque, nembargantes, sen embargo</i> .	
20.3. Adversativas	Engádense <i>no entanto, porén</i> .	
20.4. Concesivas	Elimínase <i>anque</i> .	
20.7. Consecutivas	Elimínase <i>entonces</i> .	
20.10. Temporais	Aglutínase <i>apenas, decontado que, deseguida que</i> . Engádense <i>até que</i> .	
Outros (léxico)	Sublíñase o recurso ao portugués para a incorporación de novo léxico culto: "Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego". Estabelécense como únicas formas correctas: <i>estudo (estudar, estudante...); vogal (subst.); frota</i> .	Exemplos: <i>as vogais e as consoantes; o vogal dunha comisión; mais: as cordas vocais, a harmonía vocal...</i>